


Para o alumnado da ESO



As pombas de Carboeiro

Inacio e Iván Suárez. Demo Editorial. 2020

Unha aventura no Camiño de Santiago en banda deseñada e CD que consegue poñer en valor a historia e o patrimonio. Un frade liberado polas tropas napoleónicas relata un percorrido fantástico no alto medievo ilustrado coas cartas do tarot.

Curros e Holmes no misterio d'O Kapital

Marcos Calveiro. Galaxia. 2022

Sherlock Holmes e Curros Enríquez han empregar todas as súas habelencias ante a desaparición do manuscrito da segunda parte da obra máis senlleira de Carl Marx. Unha aventura apaixonante polas perigosas e misteriosas rúas do Londres vitoriano.



Las últimas 30 páginas

Jordi Sierra i Fabra. Loqueleo. 2022

Lorena, unha estudante de xornalismo con vocación de escritora, asiste ao obradoiro literario dunha recoñecida autora. Mais, esta falece e deixa inacabada unha novela. A literatura fará que a protagonista se descubra a si mesma.

Los abismos

Pilar Quintana, Alfaguara. 2022

Claudia narra os feitos que abriron as fendas por onde se coaron os peores temores, aqueles que son irreversibles e empuxan ao borde del precipicio. Un relato estarrecedor no que unha filla asume revelacións e silencios para construír o seu propio mundo.



Alcarrás

Carla Simón. DVD. 2022

Os integrantes da familia Solé enfróntanse ao feito de que o acordo verbal co propietario das terras que traballan non se vai manter. Este ano colleirarán os seus últimos pexegos.

Para alumnado de Bacharelato



O cervo e a sombra

Diego Ameixeiras. Edicións Xerais. 2022

Mateo, o protagonista, tenta saír adiante deixándose enredar polos estraños negocios que lle ofrece Silvio. Intensidade emocional e narrativa.

Non penses nun elefante rosa

Antía Yáñez. Edicións Xerais. 2022

Aurora é nova, independente, ten traballo, mais na súa existencia algo non vai ben. Unha novela cun extraordinario sentido do humor que aborda con profundidade o tema da saúde mental.



La vida secreta de Úrsula Bas


Arantza Portabales. Editorial Lumen. 2021

Úrsula Bas, escritora de éxito, leva unha vida aparentemente anódina en Compostela. Un venres sae da súa casa para dar unha charla nunha biblioteca e non regresa. Intriga de ciúmes e vinganzas.

Una historia ridícula

Luis Landero. Editorial Tusquets. 2022

Marcial é un home exixente, co don da palabra e orgulloso da súa formación autodidacta. Un día atopa unha muller que o fascina. Unha historia de amor chea de humor e ironía.



Regreso al Edén

Paco Roca. Astiberri Ediciones. 2020

Un retrato da España da postguerra a través dunha familia humilde. Cómic.

REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES




GUÍA DE VERÁN 2022

www.biblioceipamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com/es/
www.agrobiblio.blogspot.com/es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com/es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com/es/
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igreja.ames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores



Ravioli

David Hernández Sevillano. Anna Forlati. OQO Editora. 2021

Cada mar ten un encargado de dar forma ás ondas e facelas rodar sobre a súa superficie. O

fabricante de ondas daquel pequeno mar de auga turquesa era o señor Ravioli.

El tigre que vino a cenar.

Steve Smallman. Beascoa. 2021

A ovelliña Estofado, o vello raposo e Tortilla, o seu cocodrilo mascota, achégannos unha historia chea de valores como a amizade, a xenerosidade e a aceptación das diferenzas.



Bo camiño, Peregrino!

Rena Ortega. Edicións do Cumio. 2021

Este é un libro sobre o Camiño de Santiago. Un libro de ficción, cheo de maxia, detalles... Moitos detalles!

O paraugas de Cebra


David Hernández Sevillano. Anuska Allepuz NubeOcho. 2021

O paraugas de cores de Cebra é máis grande do que parece.

Cando empeza a chover moitos animais queren refuxiarse con ela. Haberá sitio para todos os seus amigos e amigas?



De 7 a 9 anos



Historia da Galiza pequeniña

César Cequeliños, Jorge Campos. Aira Editorial. 2022

O pasado de Galicia como nunca cho contaron. Mapas, obxectos, acontecementos e personaxes para que nos coñezamos mellor. Dos autores do *Atlas da Galicia pequeniña*.

Agente Ricitos. Misión princesa.

El Hematocrítico. Ed. Anaya. 2022

Axente Ricitos, a mellor e máis implacable axente da Policía, volve para resolver un misterio que ten conmocionados a todos os habitantes do Bosque dos Contos. Alguén está secuestrando ás princesas sen deixar nin rastro. Ricitos terá que facerse pasar por unha delas.



A señorita Riqui é un pouco friki

Sergi Cámara, Dan Gutman. Ed. Bruño. 2018

No colexio de A.J. pasa algo raro... A nova profe de plástica, a señorita Riqui, leva un vestido feito con trapos e unhas luvas como as que pon a súa nai para sacar algo superquente do forno. Pero o peor é que colecciona lixo! Por que a señorita



Riqui ten esa manía de non tirar nada? Agocha algún segredo tras ese aspecto tan inofensivo?

El fascinante libro de los animales extinguidos

Cristina Banfi. Ed. Vicens-Vives. 2020


A natureza nunca deixa de sorprendernos, especialmente no reino animal! Neste libro viaxarás no tempo para descubrir curiosidades sobre o noso planeta e como cambiou causando a extinción de moitos animais. Vaiche deixar coa boca aberta.



De 9 a 12 anos

O Nicolasiño.

Goscinny-Sempé. Edicións Obradoiro, 2017. Nicolasiño pásao en grande no colexio cos seus amigos Alcestes, Agnan, Eudes... Sempre está disposto a armar leas. Pero non todo vai ser felicidade: achégase o día da entrega das notas!



Papá canibal.


Antonio M. Fraga. Xerais, 2021..

Fedora está farta de que o abusón do cole se meta con ela, así que decide asustalo contándolle que o seu pai é un canibal. Unha novela disparatada, enxeñosa, macabra e tremendamente divertida, na que mesmo poderás escoller o final!

Catro plumas de dinosauro.

Rosa Aneiros. Xerais, 2022.

Xoel é un apaixonado dos dinosauros. Durante a excursión do cole ás Fragas do Eume está convencido de que ha atopar unha porta secreta que lle permitirá coñecer restos do Cretáceo. Trabúcase. A porta secreta existe, mais do outro lado non hai fósiles senón dinosauros de carne e óso!



Iguales pero diferentes.

Laura Morán. Boldletters, 2022.

Este libro, que pertence á colección "Chic@ genial", é un magnífico titorial que lles explica aos preadolescentes como vivir e, en ocasións, sobrevivir á convivencia familiar. Tamén trata outros temas relacionados coa amizade, o amor...